



PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 04-10-2021, ditou a resolución con número 2642/2021 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación das bases específicas e convocatoria para a selección do alumnado-traballador/a do Obradoiro Dual de Emprego "CARBALLO COIDA" (2021/E001/000011)

Antecedentes.

Primeiro.- Por Resolución da xefatura territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia (registro de entrada núm. (202100000005107 do 10 de setembro de 2021) concedeuse a este Concello de Carballo o outorgamento dunha subvención por un importe trescentos corenta e seis mil novecentos corenta e seis euros (346.946,00 euros) para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego, para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado "CARBALLO COIDA" para 20 alumnos/as traballadores/as. De acordo coa citada resolución, a subvención para gastos salariais de 20 alumnos/as-traballadores/as participantes é de 221.378,00 €.

Segundo.- Por Providencia da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Réxime Interior e Persoa ordenouse a apertura dun expediente para a selección e contratación temporal do dito persoal

Á vista do anterior, e en uso das atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases para a provisión, como persoal laboral temporal de 20 alumnos/as traballadores/as para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado "CARBALLO COIDA (SSCS0208: Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais).

O texto das Bases é o transcrito como Anexo ao final da presente Resolución.

Segundo.- Convocar o proceso de selección de persoal citado nestas bases mediante a presentación Oferta (tipo T) no Servizo Público de Emprego de Galicia (Oficina de emprego de Carballo).

As bases publicaranse integramente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

ANEXO.- BASES PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DE 20 ALUMNOS/AS TRABALLADORES/AS PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO DENOMINADO "CARBALLO COIDA (SSCS0208: ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓN S SOCIAIS).

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.

1.1. O obradoiro dual de emprego "CARBALLO COIDA" é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade de persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade, cofinanciado polo Servizo Público de Emprego Estatal e promovido polo Concello de Carballo.

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal 20 alumnos/as traballadores/as para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado "CARBALLO COIDA, no

que se impartirá a especialidade **SSCS0208: Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais.**

As actuacións a realizar son as seguintes:

- 1.-Atención sociosanitaria a persoas dependentes na Asociación de Familiares de Alzheimer da Comarca de Bergantiños (AFABER)
- 2.-Atención sociosanitaria a persoas dependentes na Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER)
- 3.-Atención sociosanitaria a persoas dependentes en Cáritas Interparroquial de Bergantiños
- 4.-Atención sociosanitaria a persoas dependentes na Asociación Integro de Persoas con Diversidade Funcional da Costa da Morte
- 5.-Atención sociosanitaria a persoas dependentes no Centro de Día para persoas maiores de Carballo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

1.2.- Normativa de aplicación.

O procedemento de selección será o que se sinala nestas bases, segundo as directrices da Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2021 (DOG núm 22 do 3 de febreiro de 2021): Capítulo II-Selección e Contratación- no seu artigo 10 e 11; así como a Circular núm.6/202, da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade "Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego".

No seu defecto, será de aplicación o disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, a Lei 2/2015 de 29 de abril do emprego público de Galicia e demais disposicións de pertinente aplicación.

1.3.- Modalidade contractual.

O obradoiro terá unha duración de **9 meses**, e formará a **20 alumnos/as traballadores/as da especialidade atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais**.

O alumnado traballador será contratado a xornada completa baixo a modalidade de "Contrato para a formación e o aprendizaxe", de conformidade coa disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que tamén se establecen as bases da formación profesional dual. Percibirán as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da formalización dos contratos:

Idade: Ter cumpridos 18 ou máis anos de idade.

Situación Laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir un contrato de formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro dual de emprego.

Formación. As persoas candidatas deberán de posuír a formación mínima esixida para acceder á obtención do certificado de profesionalidade previsto neste obradoiro dual de emprego "Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais" (nivel de cualificación 2), para cumprir cos requisitos sinalados nos reais decretos que o regulan co fin de que unha vez rematada a

formación o alumnado traballador poida acadar o correspondente certificado de profesionalidade (art.11.1 da orde do 31 de decembro de 2020).

Causas de exclusión: O tribunal **excluirá** do proceso de selección ás persoas candidatas que tiveran participado anteriormente nun obradoiro de emprego, escola obradoiro ou noutro proxecto formativo de iguais características, así como aquelas persoas que non reúnan os requisitos esixibles para asinar un contrato para a formación, ou quen estivera incurso nun proceso de obtención do certificado de profesionalidade da mesma especialidade, ou participase nalgún programa relacionado coas políticas activas de emprego (cursos AFD, programas de cooperación, os programas experimentais de emprego e similares).

TERCEIRA .- PRESENTACIÓN DE OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO.

A selección do alumnado traballador/a participante no obradoiro dual de emprego "CARBALLO COIDA" será realizado polo Concello de Carballo mediante un procedemento específico: oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia.

O Concello de Carballo tramitará a correspondente oferta na Oficina de emprego de Carballo (oferta tipo T). A oficina de emprego realizará a sondaxe da seguinte maneira:

Para a especialidade "Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais" sondearanse 60 candidatos/as nos códigos SSCS0208, e 320,330,340 ou 370.

Localidade: Ámbito do Concello de Carballo. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliarase ao resto dos concellos limítrofes do ámbito da oficina de emprego de Carballo, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

CUARTA.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

4.1. A Comisión de Avaliación será designada por Decreto da Alcaldía, no momento anterior ao día fixado para a primeira reunión do dito órgano encargado do desenvolvemento do proceso selectivo, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes e a valoración das entrevistas.

4.2. Os membros da Comisión de Avaliación deberán absterse de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (de réxime xurídico do Sector Público), notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/as aspirantes poderán recusalos de acordo có disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015.

4.3. A Comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

4.4. As decisións adoptaranse por maioría simple do grupo validamente constituído. Ademais, a persoa designada como presidente disporá de voto de calidade se fora necesario dirimir os posibles empates nas votacións

4.5. A Comisión queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases

QUINTA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN ALUMNADO-TRABALLADOR/A

5.1.- Sistema de Selección: o Concello de Carballo tramitarase a correspondente oferta na Oficina de emprego de Carballo(oferta tipo T) e recibido o formulario de selección procede á selección definitiva das persoas candidatas polo tribunal de selección constituído para tal efecto.

5.2.- Criterios preferentes de selección: O tribunal de selección deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11 "Procedemento de selección do alumnado-traballador" da Orde do 31/12/2020, segundo baremo que se xunta ao final desta Resolución.

Terán prioridade as persoas desempregadas do municipio de Carballo, cunha antigüidade no Padrón Municipal anterior ao día 10 de setembro de 2021 (data da recepción da resolución do obradoiro dual de emprego).

O tribunal excluírá do proceso de selección ás persoas candidatas que tiveran participado anteriormente nun obradoiro de emprego, escola obradoiro ou noutro proxecto formativo de iguais características, así como aquelas persoas que non reúnan os requisitos esixibles para asinar un contrato para a formación, ou quen estivera incurso nun proceso de obtención do certificado de profesionalidade da mesma especialidade, ou participase nalgún programa relacionado coas políticas activas de emprego (cursos AFD, programas de cooperación, os programas experimentais de emprego e similares).

O número máximo de persoas candidatas a preseleccionar será determinado polo tribunal de selección, e o mínimo será, se é posible, de 60 candidatos/as (3 por praza), segundo o establecido no punto 4.G da circular núm.6/2021 e o artigo 11.3 da orde do 31 de decembro de 2020.

A selección definitiva dos/as 20 alumnos/as traballadores/as, será efectuada polo tribunal de selección que aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do cal serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego ademais dunha entrevista persoal, que será previa á aplicación dos criterios obxectivos, coa finalidade de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo (punto 5 da circular núm. 6/2021).

5.3.- Desenvolvemento do proceso de selección.

Os/as aspirantes deberán presentar na data que se lle indica na carta remitida pola oficina de emprego, preferentemente a **documentación** que acredite cada un dos méritos alegados. A citada documentación presentarse, preferentemente, no Rexistro do 2º andar do Edificio Fórum Carballo (sito na Praza Bombeiros Voluntarios, s/n) ou no Rexistro Xeral do Concello, na súa Sede Electrónica ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, as persoas candidatas incluídas no formulario de selección remitido pola Oficina de Emprego deberán presentarse para a realización da **entrevista persoal** na data en que se lles comunique na citada carta que lles será remitida pola Oficina de Emprego.

5.4.- A Comisión de Avaliación levantará as correspondentes actas das sesións realizadas e, unha vez rematado o procedemento de selección, remitirá á Oficina de Emprego e á Xefatura Territorial e á xefatura territorial da Coruña (Servizo de Formación e Colocación) a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas admitidas e excluídas indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión (punto 2 da circular núm. 6/2021).

Así mesmo, enviará á Alcaldía do Concello do Concello de Carballo a relación de aspirantes por orde de puntuación final acadada, para a tramitación da súa contratación.

SEXTA.- CUALIFICACIÓN E RELACIÓN DE APROBADOS. PUBLICIDADE DO PROCESO SELECTIVO.

6.1.- Cualificación dos aspirantes. A Comisión de Avaliación publicará as puntuacións outorgadas no taboleiro do Concello de Carballo así como na páxina web do concello (www.carballo.gal), e no taboleiro da oficina de emprego de Carballo, debendo establecer o prazo para presentar reclamacións (punto 2 da circular núm. 6/2021).

Transcorrido o prazo de presentación de reclamacións, a Comisión de Avaliación resolverá as reclamacións presentadas polos candidatos e publicará a puntuación total definitiva no taboleiro de anuncios do Concello de Carballo e no taboleiro do Edificio Fórum Carballo, así como na páxina web do concello (www.carballo.gal), e no taboleiro da oficina de emprego de Carballo.

A Comisión de Avaliación remitirá á oficina de emprego de Carballo e á xefatura territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas e /ou propostas para participar no proxecto "CARBALLO COIDA" como alumnos/as-traballadores/as.

6.2.- Publicacións e/ou notificacións. O tribunal de selección acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas, de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Estas publicacións realizaranse, cando menos, nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego de Carballo, do Concello de Carballo así como na páxina web do concello, debendo figurar o prazo para presentar reclamacións. Unha vez resoltas as reclamacións procederase a publicar nos mesmos medios as listaxes definitivas.

6.3.-Protección datos de carácter persoal. De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/199, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Carballo, autorizando ao tratamento dos mesmos, para a súa utilización en relación co desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercitar os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación dos enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia de DNI, dirixida ao Concello de Carballo, Praza do Concello s/n, 15100, Carballo.

SÉTIMA.- CONTRATACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor dos/as aspirantes propostos/as pola Comisión, e será nula a contratación de quen incorra en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

As persoas que sexan propostas para a súa contratación deben manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto segundo o establecido no artigo 11.4 da orde do 31 de decembro de 2020.

Previamente á sinatura do contrato, a/o aspirante contratado/a deberá subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a/o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedarán sometidas a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estará suxeita á lexislación laboral pertinente.

OITAVA.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

Segunda.- Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdición contencioso- administrativo, o réxime xurídico dos contratos será a da lexislación laboral, correspondendo aos xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento dos mesmos

Terceira.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde ao día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente de Economía, Emprego e Industria Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso- administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo do que poida exercer calquera outro que considere procedente

ANEXO I: BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARA O OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "CARBALLO COIDA"

1.- Criterios preferentes(Só puntúa un de cada concepto): (puntuación máxima 20 puntos)

CONCEPTO	PUNTOS
1.- MULLER	
Muller vítima de violencia de xénero	2
Muller	1
2.- IDADE	
De 18-29 anos	0
De 30-44 anos	2
De 45 anos ou máis	2
3.- DISCAPACIDADE	
Por ter recoñecida unha minusvalía igual ou superior ó 33%, sempre que lle permita realizar traballos e prácticas a desenvolver con ocasión da participación no obradoiro	1
4.-PROTECCIÓN POR DESEMPREGO	
Perceptores/as de desemprego	0
Perceptores/as de subsidios e/ou axudas	1
Non perceptores/as	2
5.-TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (Tomarse de referencia o informe de Vida Laboral)	
<12 meses	1
≥ 12 meses e <24 meses	2
≥ 24 meses	3
6.- FORMACIÓN ACADÉMICA	
Títulos universitarios	1
FPI / Ciclo Medio FP / FPII / Ciclo Superior	2
Graduado en ESO, bacharelato, BUP, Competencias clave, acceso a ciclos	3

6.-CATEGORÍA PROFESIONAL NO ÚLTIMO TRABAJO (Tomarase de referencia o informe de Vida Laboral)	
Sen emprego anterior	0
Autónomos/as ou con Grupo Cotización 1 ao 7	1
Grupo Cotización 8 ou 9	2
Grupo Cotización 10	3
7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (acreditado mediante certificación dos servizos Sociais municipais ou da administración competente)	
Perceptores/as da RISGA	1
8.-RESPONSABILIDADES FAMILIARES/UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA (entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella). Para consideración de familia monoparental deberá presentar documentación acreditativa/xustificativa según normativa vixente.	
Unidade Familiar de 4 ou máis membros	1
Monoparental	2
9.- OUTROS	
Por ter prevista esta acción formativa no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI)	1
10.-TOTAL	Máx.20 puntos

2.- ADECUACIÓN AO POSTO DE TRABAJO : (puntuación máxima 7 puntos)

Entrevista: Avaliarase o interese no proxecto, as aptitudes, capacidades e a adecuación ás características do posto de traballo. O tribunal de selección apoiarase para a súa avaliación nun formulario ou cuestionario que todos/as os/as aspirantes deben presentar co resto da documentación e que recibirán coa citación da entrevista. Máximo 7 puntos.

XUSTIFICACIÓN DOS MÉRITOS VALORABLES: Os/as aspirantes deberán presentar na data que se lle indica na carta remitida pola oficina de emprego, preferentemente, no rexistro do 2º andar do Edificio Fórum Carballo (sito na Praza Bombeiros Voluntarios, s/n) ou no Rexistro Xeral do Concello, na súa Sede Electrónica ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a documentación que acredite cada un dos méritos alegados, de forma ordenada:

- DNI, NIE ou calquera outro documento de identificación persoal
- Relación de méritos que entrega
- Titulación máxima acadada
- Informe de Vida Laboral actualizado emitido pola Tesourería da Seguridade Social
- No caso que proceda:
 - Certificado de discapacidade

- o Certificado dos Servizos Sociais Municipais ou da Administración competente
- o Certificado do compromiso IPI asinado polo/a orientador/a
- o Acreditación de ser vítima de violencia de xénero
- o Acreditación de ser familia numerosa
- o Documentación acreditativa da familia monoparental

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario

José Villán Fuertes

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

José Villán Fuertes